



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra dictou a seguinte RESOLUCION:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Manuel Abeledo López.  
(Delegado Prov. da  
Consellería de Agricultura,  
G. e Montes).

VICEPRESIDENTE

D. Jose J. Barreiro Prado.  
(Maxistrado da Audiencia  
Provincial)

VOCAIS

D. Jose L. Diez Yañez.  
(Xefe do Servicio de Mtes e  
I. Forestais)  
D. Luis Mª Muiños Vidueira.  
(Letrado da Asesoría  
Xurídica da Xunta)  
D. Serafin Quinteiro Blanco.  
(Avogado polo colexio da  
Provincia.)

VOCAIS REPRESENTANTES DA  
PARROQUIA DE S PEDRO DE  
SARDOMA.VIGO

D. Cesar A. Outereiro  
Gonzalez. (Que asiste  
mediante apoderamento)  
D. Gabriel Filgueira Nicole

SECRETARIA

D. Ramona C. Fernandez  
Alvarez.

Na cidade de Pontevedra sendo as dezasete horas do día 4 de abril de 1995, coa asistencia das persoas a marxe reseñadas reunese o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais, ó obxecto de decidir sobre a Clasificación dos montes "Serra e Belin", pertencentes á Parroquia de S. Pedro de Sardoma, Concello de Vigo.

ANTECEDENTES DE FEITO

No seu día a Xunta Provisional de Montes Veciñais en Man Común da Parroquia de S. Pedro de Sárdoma, do Concello de Vigo, instou expediente de Clasificación dos montes veciñais sitos naquela parroquia.

Coa devandita solicitude achegábase diversa documentación que, segundo os promoventes do expediente, demostraban a veracidade das súas manifestacións.

Máis tarde completouse a referida documentación coa aportación dun Estudio Técnico confeccionado por un enxeñeiro técnico agrícola asemade que , tamén se uniu unha Acta Notarial que recollía as manifestacións dun grupo de veciños que aseveraba a condición de veciñal en man común dos montes Serra e Belín.

Os montes obxecto do presente expediente correspondense coa seguinte descripción:

NOME: " Monte Serra"

SITUACION: Parroquia de San Pedro de Sardoma ( Vigo)

LINDES:

NORTE E SUR: Propiedades particulares ( segundo marcos do deslinde)

LESTE: Propiedades particulares e camiño de Fragosiño e Lage ( segun marcos do deslinde)

OESTE: propiedades particulares ( segundo marcos do deslinde) e monte da parroquia de Castrelos.

CABIDA: 6,3 Has.

NOME: " Monte Belin"

SITUACION: Parroquia de San Pedro de Sardoma (Vigo)

LINDES

NORTE: Estrada de Laxe.

SUR , LESTE E OESTE: Propiedades particulares.

CABIDA: 0,3 Has.

No informe que verbo dos indicados montes se emitiu polo Servicio de Montes e Industrias Forestais da Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes en síntese se indicaba que:

No Monte Serra ( dunha extensión de 6,3 has) a explotación máis recente fora a dunha mina de áridos, xa abandonada, e na actualidade estábanse a realizar uns traballos de aplanamento e recheo, mentres que no resto do monte existen P. Pináster salpicados e monte baixo de acacias. Asemade que, devandito monte fora obxecto de deslindamento coma monte de Libre Disposición do Concello de Vigo ( Acordo do Pleno do 31 xaneiro de 1.983)

O Monte Belín ( dunha cabida de 0,3 Has). constitue un terreo duns tres mil metros cadrados , ocupados na súa meirande parte por un ambulatorio do INSALUD, quedando só unha pequena parcela a xeito de triangulo ó Oeste, a herba e duns seiscentos metros cadrados, sen aproveitamento ningún.

O longo do expediente, por ningún se fixo oposición á declaración coma veciñal en man común das parcelas de monte indicadas.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**PRIMEIRO.-** Dúas son as parcelas de monte que se pretenden declarar coma veciñais en man común no presente expediente que se examina. Xa que logo, por separado e con independencia, deben ser analizadas aquelas no que atinxe á probanza que verbo de cada unha delas se efectuou na procura da consecución daquela declaración.

**SEGUNDO.-** O Monte Serra aparece recollido nos montes de Utilidade Pública e de Libre Disposición do termo municipal de Vigo.

Igualmente nos "Libros Reales de Lego del Catastro del Marqués de la Ensenada", e dentro da parroquia de San Pedro de Sardoma, faise mención ó devandito monte.

E no arquivo da Deputación Provincial de Pontevedra, e máis en concreto na "relación clasificada por partidos xudiciais de tódolos montes existentes na provincia referida, con arborado ou sen el, punto onde se atopan, a súa extensión superficial ou cabida, posuidores actuais, número de árbores, as súas especies, rendementos anuais e observacións" figura dentro da parroquia de Sardoma o Monte Serra, recolléndose que os seus posuidores son o Común de veciños.

Incluso ata un total de dez persoas teñen manifestado, perante notario, que o Monte de Serra viña sendo posuído de xeito público, pacífico e ininterrompido, dende tempo inmemorial polos veciños da parroquia de Sárdoma.

Por último, resulta de mención o informe do Servicio de Montes, que ó xa se transcribir no anterior apartado desta mesma Resolución, aquí se da por reproducido no que atinxe ó Monte Serra.

**TERCEIRO.-** O Monte Belín diferénciase do anterior en que, non figura abranguido dentro dos montes de Utilidade Pública e de Libre Disposición dos do termo municipal de Vigo, nin tampouco a el se fai mención na "relación clasificada por partidos xudiciais de tódolos montes existentes na provincia" existente no arquivo da Deputación Provincial.

E o informe confeccionado polo Servicio de Montes contundente resulta cando sinala que das 0,3 has. totais que poseería o Monte Belín, a súa práctica totalidade está ocupado por un ambulatorio do INSALUD, quedando tan só uns 600 m<sup>2</sup> a herbal, sen aproveitamento ningún.

**CUARTO.-** Son montes veciñais en man común os que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e que se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condicións de veciños (artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, e artigo 1º do Decreto 260/92, do 4 de setembro, polo que se aprobou o regulamento para a execución da devandita Lei)

QUINTO.- A xurisprudencia ten sinalado ó respecto que para que un monte se poida declarar como veciñal en man común precisase da concorrencia dos dous seguintes requisitos: a) O aproveitamento consuetudinario en réxime de comunidade e con carácter exclusivo, polos veciños agrupados en parroquias, aldeas, lugares accesorios, barrios e outros semellantes non constituídos formalmente en entidades municipais; e b) Que aínda cando existan actos formais de inclusión no inventario de bens ou rexistro público con asignación doutra titularidade, non fosen acompañadas dun cambio real e efectivo na posesión a prol dos que nos mesmos figuren como titulares durante o tempo necesario para alcanzar o dominio por prescripción.

SEXTO.- A teor pois de todo o ata aquí exposto, partindo da realidade que se tira dos elementos probatorios achegados ó expediente polos solicitantes do mesmo, e dos que logo este Xurado por si acadou, e en consideración á recta interpretación que dos mesmos é mester efectuar segundo a lexislación e xurisprudencia mencionada, conclúese que só procede a declaración como veciñal en man común do Monte Serra, mais non así do Monte Belín, por canto verbo deste non se logrou demostrar a súa condición de tal, ó non figurar nin tan sequera en boa parte da documental aportada, e desmintirse o seu aproveitamento polo común dos veciños polas potisimas razóns que se colixen do informe do Servicio de Montes.

Vistos os artigos citados e demais de xeral e pertinente aplicación.

Os membros do Xurado de maneira unanime Acordan a seguinte Resolución:

Declarar como veciñal en man común o Monte Serra sito na Parroquia de San Pedro de Sardoma, Concello de Vigo, coa descripción gráfica que se recolle na planimetría que se une a presente Resolución firmada por tódolos membros do xurado, formando parte inseparable da mesma, e que se corresponde cos seguintes lindes e cabida

NORTE E SUR: Propiedades particulares, segundo os marcos do deslindamento.


LESTE: Propiedades particulares e camiño de Fragosíño a Laxe (segundo os marcos do deslindamento)


OESTE: Propiedades particulares (segundo os marcos de deslindamento) e monte da parroquia de Castrelos.

CABIDA: 6,3 Has.

Asimesmo por unanimidade Acordan denegar a mesma declaración como veciñal en man común que se interesaba con respecto do monte de Belin, sito na mesma parroquia, polas consideracións que aparecen recollidas nos fundamentos de dereito da presente Resolución.

Contra a presente Resolución poderá interpoñerse Recurso Contencioso-Administrativo no prazo de DOUS MESES dende a notificación da presente Resolución ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 58 da Lei Reguladora da antedita xurisdicción en relación co artigo 12 da Lei de Montes Veciñais en Man Común e o artigo 28 do seu Regulamento modificados ambo-los dous preceptos legais pola Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.





**MONTE DA SERRA**  
 Parroquia de Sardoma (Vigo)  
 SUPERFICIE: 6.50 HAS.  
 ESCALA 1:10.000  
 Pontevedra Maio de 1995  
 El Ingeniero de Montes El Delineante

*[Handwritten signature]*